

APERTURA DOS PRAZOS DE MATRÍCULA NOS SERVIZOS DE COMEDOR E DE MADRUGADORES NA REDE DE CENTROS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O CURSO 2018-2019

CENTROS ESCOLARES

NOME	ENDEREZO	XANTAR	ALMORZO
CEIP APÓSTOLO SANTIAGO	RÚA PROXECTO VAGALUME,2	SI	SI
CEIP CARDEAL QUIROGA PALACIOS	RÚA VILLALDÍA 33-35	SI	SI
CEIP DAS FONTIÑAS	RÚA DE ROMA,21	SI	SI
CEIP DE ROXOS	RÚA DA BARROSA, 74 - ROXOS	SI	SI
CEIP DE VITE I	AVDA. BURGO DAS NACIÓNS, S/N	SI	SI
CEIP MESTRE RODRÍGUEZ XIXIREI	LUGAR DA ESQUIPA. A SABUGUEIRA	SI	SI
CEIP MONTE DOS POSTES	RÚA FONTIÑAS, 79	SI	SI
CEIP RAÍÑA FABIOLA	RÚA ENTREGALERAS, 15	SI	SI
CEIP RAMÓN CABANILLAS	RÚA JOSE SOUTO PAZ, 5	SI	SI
CEIP A. CASAS NOVOA	A SIONLLA DE ABAIXO, 10	NON	SI

LUGAR E PRAZOS DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES DE MATRÍCULA

- Ábrese un prazo do **1 ao 20 de xuño de 2018** (ambos os dous incluídos), para a **solicitud de reserva de praza e matrícula nos Servizos de Comedor e/ou de Madrugadores para o curso 2018-2019** en calquera dos seguintes centros de educación infantil e primaria públicos de Compostela: Apostólo Santiago, Cardeal Quiroga Palacios, As Fontiñas, Roxos, Vite, Mestre Rodríguez Xixirei, Monte dos Postes, Raíña Fabiola, Ramón Cabanillas e no caso do CEIP Arquitecto Casas Novoa, só no servizo de madrugadores.
- O impreso de solicitud de matrícula, debidamente cuberto entregárase no **Rexistro Xeral do Concello de Santiago (Rúa do Presidente Salvador Allende 4, Galeras)** ou no **Rexistro auxiliar do Centro Sociocultural do Ensanche (Frei Rosendo Salvado, 14-16 Baixo)**, ou en calquera dos termos establecidos no **artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas**, nos prazos establecidos. Neste momento do proceso **NON** é necesario achegar ningunha outra documentación.
- O modelo oficial poderá descargarse da páxina web do Concello de Santiago de Compostela www.santiagodecompostela.gal, ou solicitalo no Departamento de Educación e Cidadanía (Edificio CERSIA, Rúa Alcalde Raimundo López Pol, s/n), así como nos centros de ensino obxecto desta convocatoria.

- Unha vez completado o proceso administrativo coa adxudicación do contrato, procederase á publicación da listaxe de admitidos e excluídos no servizo de comedor e madrugadores. Para facer efectiva a alta no servizo de comedores e de madrugadores, será requisito imprescindible achegar cuberto e asinado o impreso de domiciliación bancario que lle será facilitado polo concesionario do servizo.
- Non poderán facer uso de xantar e almorzo os usuarios con recibos impagados de cursos anteriores.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

- **Impreso de matrícula cuberto**, de acordo co modelo normalizado.

RÉXIME DE PREZOS AUTORIZADOS POLO CONCELLO

- Unha vez que se produza a adxudicación do servizo, a Xunta de Goberno Local acordará **os prezos a pagar por cada usuario/a** para o curso escolar 2018-2019.

MÁIS INFORMACIÓN:

DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN E CIDADANÍA

Tfnos.: 981 554 400 / 401

Fax: 981 571 511

dptoeducacion@santiagodecompostela.gal

www.santiagodecompostela.gal